

ACTA DA 1ª ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CURSO 2024-25

DATA: 3 de outubro de 2024

LUGAR: Comedor do centro

HORA: 16:30 (1ª convocatoria) 17:00 (2ª)

ASISTENCIA: 18 socias e tres invitadas

ORDE DO DÍA:

1. Presentación da xunta directiva
2. Situación da actividade de karate
3. Rogos e preguntas

Presentación da Xunta Directiva

Na AXO do 27 de xuño de 2024 cesaron seis membros da anterior directiva; na mesma Asemblea presentáronse oito candidatos, que contaron coa aprobación unánime das socias presentes.

Dita directiva queda conformada da seguinte maneira:

Presidenta: María Jesús Luaces Rodríguez

Vicepresidenta: Patricia Extravís Martínez

Tesoureiro: Pedro Medín Pico

Vicetesoureiro: Luis Miguel Leirachá Mudino

Secretario : Jaime Acuña Jorge

Vicesecretaria: Zaira Dopico Lago

Vogal: Sheyla Saavedra Corral

Vogal: Cristina Fuente Salguero

Vogal: Isabel Román Sarty

Solicitamos das socias presentes na Asemblea a aprobación da nova directiva.

Aprobada a Xunta Directiva por unanimidade.

Situación da actividade de karate

Como xa se vos informou polas canles da Asociación, tivemos problemas para sacar adiante a actividade de karate no mes de setembro. Lembremos que karate non é unha actividade extraescolar como as da ANPA, polo que soe comezar e rematar co período escolar (mediados de setembro, finais de xuño).

O certo é que no remate do curso pasado quedáramos coa profesora, Cristina, en que ela se encargaría de buscar un substituto para as primeiras semanas do curso, por mor de estar ela de baixa por maternidade. Pero xusto ocorreu que ás persoas coas que contactou non lles viña ben o noso horario e tivemos que barallar varias alternativas, ningunha das cales nos compracía o suficiente.

Finalmente, falando un día con Juancho, o anterior profesor ó que substituíu Cristina, ofreceuse el mesmo para arrincar a actividade.

Outro tema que queremos comentar é que, nunha asemblea anterior as socias decidimos subir a cota desta actividade a 20€, quedándose a Escola con eses 2€ de máis para a compra dos cintos e outro material para a actividade. Pero non contabamos con que a profesora nos subira o prezo, Así que decidimos deixar a cousa como estaba.

Esa é a razón de que, finalmente, este curso a cota é de 22€, para lle dar cumprimento á decisión asemblearia.

Antes de rematar, ímosvos pedir unha votación para decidir facer con karate o que fixemos coas actividades extraescolares hai un tempo. Trátase de decidir que as persoas que non sexan socias da Escola de Karate (tódalas socias da ANPA sodes socias da Escola de Karate), paguen unha matrícula de 20€ para acceder á actividade a partires do curso que ven, xa que neste curso a xente apuntouse xa e non lles imos dicir agora que teñen que pagar unha matrícula.

Aprobada a matrícula de 20€ para a xente que non é socia da ANPA a partir do vindeiro curso.

Sen máis damos fin á Asemblea ás 17:12 horas

O Secretario

Vº Bo da Presidenta